

### Obxectivos

Reflexionar sobre a importancia do dereito á saúde.  
Valorar o noso acceso a unha sanidade de calidade e comparalo coas carencias que sofren moitas persoas, concretamente nenos e nenas no mundo.

### Actividade 1

Na infografía exponse que volvamos a nosa mirada a situacións de vulnerabilidade que se dan no mundo. Entre elas está a emigración.  
Hai moitas razóns que levan ás persoas para dar o difícil paso de abandonar a súa familia, o seu fogar e o seu país para ir a outros.  
Pensar en grupos algunhas destas causas. Todas as que se vos ocorran.  
Poñer en común o traballo realizado por cada un dos grupos.  
Reflexionar tratando de poñernos no lugar desas persoas. Como sentiríades vós e vós?

### Actividade 2

Ler a Declaración dos Dereitos Humanos e sinalar os artigos que están directamente vinculados coa saúde.  
O dereito á saúde está relacionado, tal e como se di na infografía, con outros dereitos. Nalgúns casos, esta relación é máis ou menos evidente, pero noutros non tanto.  
Dividir a clase en varios grupos, e pedir a cada un deles que desenvolva todas as relacións que sexan capaces de establecer entre o dereito á saúde cos seguintes aspectos:

Alimentación  
Auga e saneamento  
Educación  
Discriminación  
Traballo  
Igualdade

Para iso, seguir os seguintes puntos:  
Están estes elementos amparados por dereitos? Buscádeos e identificádeos.  
De que maneira interaccionan estes elementos co dereito á saúde. Buscade as relacións entre eles.  
Algunhas son obvias, pero outras vos sorprendarán.  
Poñer en común o traballo dos diferentes grupos e reflexionar sobre os resultados.

### Actividade 3

Na infografía aparecen diversos exemplos que poden facer que unha persoa non vexa satisfeito o seu dereito á saúde.

Dividir a clase en grupos e pedir que busquen outros exemplos nos que teña lugar a negación dese dereito, coas súas causas e consecuencias.  
Poñer en común o traballo dos diferentes grupos e reflexionar sobre os resultados.

**Os resultados desta actividade poden servir para a realización dunha clipmetraxa.**

### Actividade 4

Dividir a clase en catro grupos.  
Cada un deles traballará sobre dous dos indicadores da situación da saúde dunha sociedade que aparecen na infografía:  
A esperanza de vida das mulleres.  
A mortalidade de bebés ata o primeiro ano de vida.

Para profundar nos datos, propoñemos como fonte de información o PNUD (Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento) a través dos seus informes anuais sobre Desenvolvemento Humano. Para facilitar a realización desta actividade, pódense consultar as seguintes ligazóns con abundantes datos estatísticos que vos servirán de axuda:

[http://hdr.undp.org/sites/default/files/hdr\\_2019\\_overview\\_-\\_spanish.pdf](http://hdr.undp.org/sites/default/files/hdr_2019_overview_-_spanish.pdf)  
<http://report.hdr.undp.org/es/>  
[http://hdr.undp.org/sites/default/files/2018\\_human\\_development\\_statistical\\_update\\_es.pdf](http://hdr.undp.org/sites/default/files/2018_human_development_statistical_update_es.pdf)

#### **A esperanza de vida das mulleres:**

Na infografía fálase da diferenza na esperanza de vida entre as mulleres de dous países do mundo. Investigade e buscade cales son os factores que inflúen en que se dean esas diferenzas.

Cal é a esperanza de vida media mundial das mulleres?

Se dividimos os países segundo o Índice de Desenvolvemento Humano (IDH) nos catro grupos que expón o PNUD :

Hai diferenzas na esperanza de vida media entre as mulleres dos países con IDH Baixo, IDH Medio, IDH Alto ou Moi Alto?

Que nos indica isto?

#### **Mortalidade de bebés ata o primeiro ano de vida:**

Na infografía fálase da diferenza nos datos de mortalidade infantil entre dous países do mundo.

Investigade e buscade cales son os factores que inflúen en que se dean esas diferenzas.

Como se mide a mortalidade infantil?

Cal é a mortalidade infantil media mundial?

Se dividimos os países segundo o Índice de Desenvolvemento Humano (IDH) do PNUD:

Hai diferenzas na mortalidade infantil media entre os bebés dos países con IDH Baixo, IDH Medio, IDH Alto ou Moi Alto?

Que nos indica isto?

Poñer en común, en gran grupo, o traballo realizado.

**Os resultados desta actividade poden servir para a realización dunha clipmetraxa.**

#### **Actividade 5**

Dividir á clase en grupos e pedir que analicen a seguinte afirmación que aparece en diversos medios de comunicación:

***“A obesidade en países como España, é maior entre as clases sociais máis baixas”***

Reflexionar a partir de preguntas como:

A que puiden ser debido isto? Investigade e buscade explicacións a este feito.

Está relacionado isto co caso de Glasgow que aparece na infografía?

Está relacionado co dato que se menciona na infografía sobre Bolivia?

Poñer en común, en gran grupo, o traballo realizado.